

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL**

LUGAR: Sala de Grados 1 da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos  
DATA: 19 de maio de 2022  
HORA DE COMEZO: 12:30 h  
HORA DE REMATE: 13:30 h

### **ASISTENTES:**

Álvarez García, Julia  
Álvarez Mures, Luis Omar  
Álvarez-Campana Gallo, José Manuel  
Anta Álvarez, Jose  
Barrientos Rodríguez, Víctor  
Carro López, Diego  
Eiras López, Javier  
Fariña Lamosa, Ángel José  
Fernández Ruíz, Jesús  
Franganillo Parrado, Guillermo  
González Fonteboa, María Belén  
Juncosa Rivera, Ricardo Antonio  
Martínez Abella, Fernando  
Martínez Lage, María Isabel  
Medina Rodríguez, Luis Esteban

Mihura López, María Rocío  
Naves García-Rendueles, Acacia  
Novales Ordax, Margarita  
Orro Arcay, Alfonso  
Padilla Benítez, Francisco  
Peña González, Enrique  
Sánchez-Tembleque Día-Pache, Félix  
Sande González-Cela, José  
Seara Paz, Gumersinda  
Suárez López, Joaquín  
Taibo Pena, Francisco Javier  
Varela García, Francisco Alberto  
Vázquez González, Ana María  
Vázquez González, Julia

### **ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:**

Acinas García, Juan Román  
Barneche Naya, Viviana  
Caño Gochi, Alfredo del  
Cruz López, María Pilar de la  
Delgado Martín, Jorge José  
Hernández Ibáñez, Luis Antonio

Méndez Salgueiro, José Ramón  
Mijares Coto, María José  
Pérez Ordóñez, Juan Luis  
Pérez Pérez, Ignacio  
Puertas Agudo, Jerónimo  
Rodríguez Pasandín, Ana María  
Seoane Nolasco, Antonio José

Preside a Sesión o Sr. Francisco Alberto Varela García, director do Departamento. Actúa como secretario o Sr. Jose Anta Álvarez.

## **ORDE DO DÍA**

### **1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores**

O presidente presenta para a súa aprobación as actas das sesións anteriores, a da reunión ordinaria do 4 de febreiro e das extraordinarias do 25 de febreiro e do 27 de abril. Apróbanse as actas por asentimento.

### **2. Informe da dirección**

#### *Profesorado*

O director transmite as condolencias ao profesor D. Ramón Martínez polo falecemento da súa nai. O director informa que a petición propia os profesores D. Félix Sánchez-Tembleque e D. Carlos Rico non continuarán coas súas actividades docentes o próximo curso. O director agradécelle a súa dedicación e o traballo desenvolvido no Departamento e deséxalles o mellor no futuro.

O director tamén indica que a profesora Dna. Cristina Vázquez non pode solicitar máis excedencias ordinarias e deixa de estar vencellada á universidade. Si que solicita unha excedencia por interese particular que lle permitiría reincorporarse nun prazo máximo de 3 anos.

#### *Premios e felicitacións.*

O director transmite a felicitación ao profesor D. Jose Antonio González Meijide pola Medalla ao Mérito Colexial do CECCP, que se lle entregará en xuño.

#### *Actividade universitaria*

O director informa que se lle concederon ao Departamento dúas axudas para a realización de cursos e congresos. As propostas de seminarios que se realizarán despois do verán son:

- Enxeñería e Vida. Serán sesións de mesa redonda de profesores de Enxeñaría Civil xa xubilados.
- Moito máis que Enxeñería Civil. Será un ciclo de conferencias – mesas redondas nas que antigos alumnos da Escola de Camiños expoñan as súas experiencias de traballo non vencelladas directamente ao oficio tradicional da Enxeñería Civil. Tamén se contará con compañeiros do Departamento que non son Enxeñeiros de Camiños.

O director comenta que os dous bolsellos do SAPE rematarán o seu traballo ao rematar o mes de maio. O director agradécelle aos bolsellos, D. Sebastián Rama e D. Tomás Vázquez, e aos seus titores, o traballo realizado durante o curso académico.

O director informa que mantivo unha reunión co Reitor o día 21 de abril para falar do Departamento. Tamén mantivo unha reunión cos representantes de alumnos da Escola de Camiños o día 2 de maio. En ámbolos casos recibíuse unha boa valoración do Departamento.

Por último o director informa que gracias a Dna. Julia Vázquez da UADI, tivo acceso ao borrador da Nova de Lei de Universidades. O director comenta algúns aspectos da nova Lei relacionados cos Profesores Asociados, Profesores Contratados Doutores e Profesores Colaboradores. O borrador está dispoñible para aqueles interesados.

### *Docencia*

Con respecto ao apartado de docencia, o director informa que se aprobou o Plan de Estudos do Máster de Xestión Avanzada e Sostible da Auga que se implantará no curso 2022/23 na Escola de Camiños. Na actualidade está en exposición pública.

### *Orzamento*

Con respecto ao orzamento, o director informa que polo momento so se realizaron gastos de oficina (arredor de 325€). O remanente do exercicio, senón hai outras necesidades especiais, empregárase como complemento aos cursos propostos e para continuar coa mellora da web do Departamento. Tamén se propón como idea contratar á Fundación da Universidade para implantar unha liña de comunicación en redes sociais do Departamento. Esta idea presentárase para a súa eventual aprobación en datas próximas.

## **3. POD curso 2022/2023**

O director informa dos datos xerais do Departamento e a continuación a nivel de áreas. A nivel global, o Departamento ten un encargo de 214 materias, o que representa unhas 14700 horas. Contando as reducións e compensacións, a capacidade total actual é do 88%.

En canto a distribución por áreas sinálase o seguinte:

- Área de Cartografía – Camiños  
A área está a un 97% de capacidade, con algún profesor por debaixo da súa dedicación
- Área de Cartografía – Audiovisual  
A área está a un 100% da súa capacidade cando se inclúen dúas prazas de Profesor Asociado P06. A área solicita por tanto dúas prazas de Asociado P06, das que se presenta a documentación (ANEXO I)

- Área de Construción– Ferrol  
A área está por encima da súa capacidade (entorno ao 120%), pero non solicitan prazas.
- Área de Construción – A Coruña  
A área está por encima da súa capacidade (entorno ao 106%) e se inclúe unha praza de Profesor CIS a Tempo Completo. A área solicita unha praza CIS a Tempo Completo, da que se presenta a súa documentación (ANEXO II). A proposta estudarase desde a Vicerreitoría.
- Área de Enxeñería do Terreo  
A área está a un 70% aproximadamente da súa capacidade. Hai moitos profesores asociados que non cobren a súa dedicación mínima, pero a súa situación mellora cos datos previsibles da PDA actualizada para setembro, nos que a dedicación aumenta ata o 79%.
- Área de Enxeñería dos Transportes  
A área está a un 75% aproximadamente da súa capacidade. Hai algúns profesores asociados que non cobren a súa dedicación mínima, e que poderían reducir a súa contratación cambiando de figura a unha de menor dedicación. O director transmite que intentará minimizar a redución das horas de contrato dos profesores asociados que non teñan unha dedicación P03, pero non é doado dados os números.
- Área de Enxeñería Hidráulica.  
A área está a un 73% aproximadamente da súa capacidade. Hai moitos profesores non cobren a súa dedicación mínima, pero a súa situación mellora cos datos previsibles da PDA actualizada para Setembro, nos que a dedicación aumenta ata o 85%.
- Área de Proxectos - Ferrol  
A área está a un 109% aproximadamente da súa capacidade. Hai algunhas materias do Máster Universitario en Enxeñería en Deseño Industrial que non teñen horas asignadas na actualidade, pero incrementarán a súa dedicación en setembro. A área non solicita prazas.
- Área de Proxectos – A Coruña  
A área está a un 73% aproximadamente da súa capacidade. Hai moitos profesores asociados que non cobren a súa dedicación mínima, e que poderían reducir a súa contratación cambiando de figura a unha de menor dedicación. O director transmite que intentará minimizar a redución das horas de contrato dos profesores asociados que non teñan unha dedicación P03, pero non é doado dados os números.
- Área de Tecnoloxías de Medio Ambiente  
A área está a un 56% aproximadamente da súa capacidade. Hai un profesor asociado con pouca dedicación na actualidade, pero en setembro incrementa a súa dedicación e a capacidade da área sube ata o 82%.

O director solicita a aprobación do POD e aprobación de dúas prazas de Profesor Asociado P06 na Área de Cartografía – Escola de Audiovisuais, e dunha praza CIS a tempo completo na Área de Construción de A Coruña. O POD e as solicitudes de prazas apróbanse por asentimento.

#### **4. Proposta de renovación de profesoras/es asociadas/os**

O director solicita que se aprobe a renovación de todos os prazas de profesor asociado da área, coa excepción das dos profesores D. Félix Sánchez-Tembleque e D. Carlos Rico que solicitaron non continuar coas súas actividades docentes o próximo curso. A proposta de renovación apróbase por asentimento.

#### **5. Solicitudes de prazas de Axudantes Doutor**

Con respecto a solicitude de prazas de Axudante Doutor, o director informa que se recibiron como outros anos as propostas de solicitude dos docentes:

- Dna. Acacia Naves, da Área de Enxenería do Terreo
- D. José Sande, da Área de Enxenería Hidráulica
- D. Jesús Fernández, da Área de Enxenería do Terreo

As expectativas de éxito das solicitudes son moi baixas xa que non se cumpren os requisitos de horas estruturais nas áreas. O director informa que tras falar co Vicerreitor deste tema, pretende enviar a solicitude das prazas igualmente para visualizar na Reitoría a situación dos profesores do Departamento. O director informa que as solicitudes enviaranse sen tribunal e tamén se enviarán dúas propostas para a Área de Enxeñaría do Terreo. A proposta de solicitudes apróbase por asentimento.

#### **6. Resultados do cuestionario do PDI**

O director informa que presentará os resultados preliminares do cuestionario do PDI do Departamento, e fará unha revisión máis profunda nun próximo consello. Os principais resultados da enquisa que o director transmitiu ao Reitor son os seguintes:

- O Departamento relacionase con moitos servizos da UDC, especialmente coa Fundación UDC, a Fundación da Enxenería Civil de Galicia e a OTRI. O director informa que somos o Departamento con máis contratos de investigación da Universidade.
- En canto ás relacións con outros departamentos, o director sinala que temos pouca relación cos departamentos de Matemáticas e de Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas, con importancia na Escola de Camiños.
- En canto ás liñas de investigación hai moita diversidade xa que somos un Departamento moi transversal. O director sinala que unha das liñas máis repetida é a da sostenibilidade.

## 7. Quenda aberta de palabra

O profesor D. Joaquín Suárez indica que de cara as reunións a manter co Vicerreitor de Profesorado se lle pode transmitir que este é un ano de transición e que para o próximo curso 2023/24 comezará o Máster de Xestión Avanzada e Sostible da Auga, e que se contarán con novas horas a impartir no Departamento. O director informa que este punto xa está argumentado co Vicerreitor, e que a sensación despois das reunións mantidas é que hai dúas liñas de traballo nas que se debe estar activos: (i) aumentar o número de estudantes e, (ii) incrementar o número de titulacións, xa sexa a través da incorporación de docencia de titulacións existentes as áreas do Departamento, ou tamén a través da creación de novas titulacións.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión ás 13:30 horas e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario

Jose Anta Álvarez

Visto e prace  
O presidente

Francisco Alberto Varela García

**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**

 Departamento: ENXEÑERÍA CIVIL

 Reunido o Consello de Departamento o día 19 de MAIO de 2022, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:

 Categoría: PROFESOR ASOCIADO

 Dedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03

 Área de coñecemento: ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.

 Centro ao que se adscribe a praza solicitada: FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
616G01033	Animación 3D-2
616G02019	Animación 2

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

Necesidade de reforzo da área debido novas asignaturas a impartir no novo curso de 4º do Grao en Creación Digital, Animación y Videojuegos. Reposición de baixa de un dos profesores da área. Necesidade de reforzo para impartir materias no Máster en Diseño, Desarrollo y Comercialización de Videojuegos que o curso pasado non quedaron cubertas.

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Viviana Barneche Naya	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR
2º: Fátima Davite Aguiar	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución P6
3º: Abrahán García Dopazo	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR ASOCIADO
4º: Julia Alvarez García	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR COLABORADOR
5º: Víctor Barrientos Rodríguez	ENXEÑARÍA DO TERREO	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: Ángel Fariña Lamosa	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución TC
2º: Guillermo Franganillo Parrado	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución TC
3º: Cristina García Aradás	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución P6
4º: Rocío Mihura López	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR COLABORADOR
5º: Antonio Seoane Nolasco	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución TC

 A Coruña, 19 de maio de 2022

O director do departamento

**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**

Departamento: ENXEÑERÍA CIVIL

Reunido o Consello de Departamento o día 19 de MAIO de 2022, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:

Categoría: PROFESOR ASOCIADO

Dedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03

Área de coñecemento: ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.

Centro ao que se adscribe a praza solicitada: FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
616G01032	Animación 3D - 1; 616G02042 Proyecto de videojuego
4529006	Modelaje y animación 3D para videojuegos I; 4529035 Modelado de personajes I. Geom.
4529016	Modelado y animación 3D para videojuegos II; 4529036 Modelado de personajes II. Mat.

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

Necesidade de reforzo da área debido novas asignaturas a impartir no novo curso de 4º do Grao en Creación Digital, Animación y Videojuegos. Reposición de baixa de un dos profesores da área. Necesidade de reforzo para impartir materias no Máster en Diseño, Desarrollo y Comercialización de Videojuegos que o curso pasado non quedaron cubertas.

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Angel Fariña Lamosa	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución TC
2º: Guillermo Franganillo Parrado	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución TC
3º: Cristina García Aradás	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución P6
4º: Julia Alvarez García	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR COLABORADOR
5º: Víctor Barrientos Rodríguez	ENXEÑARÍA DO TERREO	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: Rocío Mihura López	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR COLABORADOR
2º: Antonio Seoane Nolasco	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución TC
3º: Javier Taibo Pena	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR
4º: Omar Alvarez Mures	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Contratado Interino de Substitución TC
5º: Viviana Barneche Naya	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR

A Coruña, 19 de maio de 2022

O director do departamento

**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**Departamento: ENXEÑARÍA CIVILReunido o Consello de Departamento o día 19 de maio de 2022, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:Categoría: PROFESOR CONTRATADO INTERINO DE SUBSTITUCIÓNDedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03Área de coñecemento: ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓNCentro ao que se adscribe a praza solicitada: E.T.S. DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
632G01023	Formigón Estrutural e Construción
632G01024	Construción
4526024	Auditoría enerxética e avaliación da eficiencia na edificación II: gran terciario

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

**Necesidades docentes**

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Martínez Abella, Fernando	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
2º: González Fonteboa, Belén	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
3º: Seara Paz, Gumersinda	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
4º: del Caño Gochi, Alfredo	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
5º: de la Cruz López, Pilar	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: Herrador Barrios, Manuel F.	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
2º: Carro López, Diego	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
3º: Pérez Ordóñez, Juan Luis	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
4º: Eiras López, Javier	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
5º: Romera Rodríguez, Luis	MECÁNICA DOS MEDIOS CONT. E TEORÍA DE ESTRUT.	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE

A Coruña, 19 de maio de 2022

O director do departamento